



RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTA DEFINITIVA, ORDE BOLSA E SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN CANDIDATO PROPOSTO BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL CON CARÁCTER INTERINO ATA A COBERTURA DEFINITIVA DA PRAZA DE "DIRECCIÓN ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM"

EXPEDIENTE DECRETO: 2022/G003/000530

ANTECEDENTES:

Visto o decreto de alcaldía 149/2022 de data 14/02/2022, pola que se aproba a Bolsa de emprego para contratación laboral temporal con carácter interino ata a cobertura definitiva da praza de "Dirección asesoramento psicolóxico CIM"

Considerando a documentación existente no expediente 2022/E001/000002 e os informes do rexistro municipal en relación ás solicitudes de participación e á ausencia de alegacións ás puntuacións provisionais.

Vista as actas do tribunal de selección relativas ao desenvolvemento do proceso selectivo determinando a puntuación final acadada polos candidatos e a proposta de constitución da bolsa de emprego e de nomeamento do candidato de maior puntuación.

Visto o informe do rexistro municipal de data 16/05/2022 relativo á ausencia de alegacións presentadas ás puntuacións provisionais totais, proposta de constitución de bolsa e de contratación do candidato que acada a maior puntuación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aprobar a seguinte lista de puntuacións finais para o proceso selectivo:

DNI	Nº rexistro entrada solicitude	PUNTUACIÓN N PROBA 1	SUPERA PROBA 1	PUNTUACIÓN PROBA 2	SUPERA PROBA 2	PUNTUACIÓN N TOTAL
***7771**	202299900000277	2,8	SUPERA	6,075	SUPERA	8,875
***9235**	202299900000349	2,4	NON SUPERA			EXCLUIDO
***5937**	202299900000285		EXCLUIDO			EXCLUIDO
***1658**	202299900000326	3,9	SUPERA	5,25	SUPERA	9,15
***8109**	202290000000309	3	SUPERA	5,1375	SUPERA	8,1375
***1072**	202200000000416	2,2	NON SUPERA			EXCLUIDO
***0187**	202200000000453		EXCLUIDO			EXCLUIDO
***0793**	202200000000432	3,8	SUPERA	6,3	SUPERA	10,1
***8700**	202299900000351	2,8	SUPERA		NON ASISTE	EXCLUIDO
***9062**	202299900000279	3,8	SUPERA	7,025	SUPERA	10,825
***0480**	202299900000333	3,1	SUPERA	5,6	SUPERA	8,7

2. Proceder á constitución da bolsa de traballo por orde de puntuación obtida no proceso selectivo, que queda da seguinte maneira:

ORDE BOLSA	DNI	Nº rexistro entrada solicitude	PUNTUACIÓN TOTAL
1	***9062**	202299900000279	10,825
2	***0793**	202200000000432	10,1
3	***1658**	202299900000326	9,15
4	***7771**	202299900000277	8,875

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



5	***0480**	202299900000333	8,7
6	***8109**	202290000000309	8,1375

3. Requerir ao aspirante proposto para nomeamento (DNI: ***9062**, rex. 202299900000279) para que presente a documentación establecida na base Décimo Terceira.

A/o aspirante proposto deberá presentar, no prazo de TRES DÍAS HÁBILES desde a publicación da relación definitiva

dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo, os seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas:

a) Os indicados na base 5.^a.

a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario.

No caso de ser nacional doutro Estado, deberá presentar, ademais, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

b) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento da toma de posesión.

c) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento da súa función, no caso de tratarse de persoas con minusvalías.

d) Código IBAN dunha conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado dado de alta).

A/o aspirante proposto que no prazo sinalado no apartado anterior non presentaran a documentación esixida, agás

causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incurrir por falsidade. Neste caso, procederase á proposición do seguinte aspirante existente na lista de aprobados e se lle requirirá a documentación esixida.

A data de publicación na Sede electrónica será determinante dos prazos de emenda de solicitudes e presentación de alegacións ou recursos.

4. Advertir ao aspirante proposto que no prazo sinalado no apartado anterior si non presentara a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incurrir por falsidade. Neste caso, procederase á proposición do seguinte aspirante existente na lista de aprobados e se lle requirirá a documentación esixida.
5. Contra a presente resolución, apartados 1 e 2, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnalas directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos



Exp. 2022/G003/000530

motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015, contra o resto de apartados, trátase dun acto de trámite, non susceptible de recurso, sen prexuízo das alegacións que se consideren pertinentes.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]